



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Dar conta de escrito de renuncia de Antonio Pérez Rodríguez como Alcalde e Concelleiro»
Data	22 de marzo de 2018
Duración	Desde as 20:31 ata as 20:35 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL LOPEZ CASAS
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34982538K	ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ	NON
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
76770220S	MANUEL LOPEZ CASAS	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ
44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ: «Renuncia»		

Asiste a Adxunta a Secretaría, *Dona M.^a Dolores Fernández Salgado*.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación do carácter urxente da sesión:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Pola Presidencia xustifícase a urxencia da sesión pola necesidade de dar conta de escrito de renuncia de Antonio Pérez Rodríguez como alcalde e Concelleiro.

A urxencia resulta aprobada por unanimidade.

Expediente 2014/2018. Toma de coñecemento do escrito de renuncia do Sr. Alcalde don Antonio Pérez Rodríguez de data 22 de marzo de 2018 que foi recibido na Secretaría Municipal en data 22 de marzo de 2018, e posterior remisión da certificación da Acta deste Pleno á Xunta electoral Central, para que expida a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Presidente expón que en data 22 de marzo de 2018 se remitiu xunto coa convocatoria deste Pleno o escrito do titular da Alcaldía polo que presentaba renuncia como Alcalde e concelleiro da Corporación, motivo polo cal, é preciso solicitar á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular que segundo publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 25 de data 28 de abril de 2015 é don Ricardo Sieiro Opazo.

Por solicitude da Concelleira Elvira Lama Fernández, procédese pola Secretaría á lectura do escrito de renuncia sendo este do seguinte teor literal:

“D. ANTONIO PÉREZ RODRÍGUEZ, na súa calidade de Alcalde do Concello de Xinzo de Limia, ante o Pleno Municipal comparezo e DIGO:

Que o día un de marzo, cando aínda non o coñecía as partes, pola prensa soupen que se había dictado Sentenza condeándome a Inhabilitación por Prevaricación. Informeime despois e soupen que así era e que o Xulgado notificaríame persoalmente, para poder coñecer as razóns xurídicas da mesma, pero engadíndome que, aínda que fose preciso solicitar aclaracións, o Xulgado non podría variar a condea, pois sóo podrá facelo o Tribunal de apelación, si plantexo o recurso correspondente, tras coñecer aquelas razóns. Con elo, neste intre, a certeza da condea é unha realidade que teño que respetar.

A día de hoxe aínda non se me notificou a Sentenza, posiblemente pola folga de funcionarios xudiciais, pero, aquela certeza, a miña dignidade e -esencialmente- o meu respecto o Pobo do que derivou o meu nomeamento, son causas suficientes para que, sin nin xiquera agardar a ser notificado, proceder, como fago, a poñer en coñecemento do Concello e do seu Plenario dita condea, para que se tome coñecemento da mesma e que, a súa consecuencia, se recabe da Xunta Electoral Central, a expedición da credencial do candidato ao que lle corresponda cubrir a vacante da alcaldía polo cese que, a miña propia iniciativa e por medio de este escrito, deixo interesado.

No intre en que sexa notificado da Sentencia, facilitareille copia da mesma a Secretaría municipal.

Debo deixar claro algo que é fácil de constatar: O Xuízo e a condea refírense a irregularidades administrativas nuns contratos, sen que en forma algunha existise indicio nin acusación que indicase que as mesmas tuvesen causa económica o meu favor ou de terceiros, nin que buscasen favorecementos personais.

Con toda sinceridade, agradezo a Secretaría municipal e a súa Adxunta os pasos sempre rectos das súas funcións e os seus consellos xurídicos sempre exactos. Con igual sinceridade agradezo a os meus compañeiros a súa lealtade e o seu bon facer e prégolles, a todos e cada un deles, que en beneficio dos cidadáns de Xinzo aos que nos debemos, dédes continuidade ao traballo realizado entre todos baixo a miña dirección, porque nos levou a realidade actual dun Concello con situación económica e de seguridade notablemente millorada, fronte a que existía no lonxano 2010 en que tomamos posesión, como mostran, abertamente e sin dúbidas, os datos económicos de público coñecemento, realidade que desexo que vos, co esforzo que sexa necesario, poidades manter e a ser posible, millorar.

Fago entrega deste escrito a Secretaría municipal a os efectos de que, atendido o exposto, promova a convocatoria do Pleno a ditos efectos.

Xinzo de Limia a 22 de Marzo do 2018.”

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Rematada a lectura, o Presidente indica que se a todos os presentes lles parece ben, dado que o único obxecto deste Plenario é ***tomar razón da renuncia de don Antonio Pérez Rodríguez como Alcalde e concelleiro da Corporación para posteriormente solicitar por escrito á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular que segundo publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº25 de data 28 de abril de 2015 é don Ricardo Sieiro Opazo, se da por rematada a sesión, non realizándose manifestación algunha por parte dos presentes.***

Deste xeito o pleno tomou coñecemento da ***renuncia de don Antonio Pérez Rodríguez como Alcalde e concelleiro da Corporación para posteriormente solicitar por escrito á Xunta Electoral Central a credencial acreditativa do candidato seguinte da lista electoral que concorreu nas últimas Eleccións Locais polo Partido Popular que segundo publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº25 de data 28 de abril de 2015 é don Ricardo Sieiro Opazo.***

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112